

O Goberno local destaca a estabilidade institucional e o diálogo no balance de 2025 e o alcalde agarda sacar adiante o Orzamento



Programa do Entroido.

Outro ano máis haberá tamén Cocido dos Maiores

Chévere indaga sobre a memoria histórica en ICTUS, a derradeira leición do mestre

Venezuela e Venezolanos na Maía

Entrevista á doutora María Pazos, delegada sindical de O´Mega no CHUS, sobre as reivindicacións laborais dos médicos

XANEIRO 2026

O Goberno salienta a estabilidade institucional e o diálogo, polo que Blas García confía en poder sacar adiante os orzamentos

O alcalde de Ames, Blas García, realizou unha valoración global do ano 2025, salientando cinco liñas de traballo fundamentais que marcaron a acción municipal durante o último ano e que definirán tamén os obxectivos para 2026 e o tramo final do mandato. García comezou a rolda destacando a estabilidade e a solidez do goberno.

En primeiro lugar, destacou a posta en marcha de políticas públicas pioneiras en Galicia, especialmente no ámbito da sustentabilidade e da xestión dos servizos públicos. “Durante este mandato puxemos en marcha iniciativas innovadoras

pleno rendemento e realiza investimentos estruturais no ciclo integral da auga. “A humanización do Milladoiro é un bo exemplo: ademais da obra visible en superficie, realizouse un traballo fundamental nas tubaxes que hoxe permite sectorizar o subministro e evitar cortes xerais de auga”, indicou.

Outro dos piares da acción municipal foi o Plan Municipal de Saúde Mental, que continuou atendendo a numerosas persoas do concello e ampliou actuacións como programas para deixar de fumar ou intervencións nos centros educativos. Así mesmo, García destacou o desenvolvemento do Plan



tude colaboradora dos grupos da oposición. Neste senso, lembrou que “todos os asuntos de goberno levados a Pleno durante este

No ámbito económico, puxo en valor a boa saúde financeira do Concello, con investimentos históricos e capacidade para seguir im-

ción do Milladoiro vai marcar un antes e un despois; é unha obra valente, que custará apreciar no curto prazo, pero que será amplamente

“Todos os asuntos de goberno levados a Pleno durante este mandato foron aprobados”, incluíndo cuestións complexas como a taxa do lixo ou as novas ordenanzas dos servizos de conciliación

que xa son unha referencia, non só en Galicia senón tamén fóra dela”, afirmou.

Entre estas actuacións salientou o impulso ás comunidades enerxéticas, coa constitución da Asociación Ames Solar, que permitirá desenvolver este modelo no municipio coa colaboración

de Prevención de Incendios Forestais, con máis de sete anos de traxectoria, que esportou o interese da Xunta de Galicia. “Trasladamos o noso modelo á Xunta, que visitou Ames para coñecer o programa, coa posibilidade de que poida ser estudado e aplicado noutros territo-

mandato foron aprobados”, incluíndo cuestións complexas como a taxa do lixo ou as novas ordenanzas dos servizos de conciliación.

Blas García destacou tamén a boa relación institucional co resto das administracións, en especial coa Xunta de Galicia, que per-

“A pesar de non contar con orzamentos en 2025, os datos son moi positivos e permítenos afrontar 2026 con garantías; ademais, este ano Ames contará con orzamentos”

pulsando proxectos estratégicos. “A pesar de non contar con orzamentos en 2025, os datos son moi positivos e permítenos afrontar 2026 con garantías; ademais, este ano Ames contará con orzamentos”, asegurou.

O alcalde salientou tamén as melloras en educación e servizos públicos, coa posta en marcha da Cociña Central de Ames, que permitirá xestionar directamente os comedores dos programas de conciliación e abre a porta, no futuro, a ofrecer servizos de comida a domicilio para persoas maiores que viven soas.

Finalmente, fixo unha mención especial ao impulso ao Milladoiro, principal núcleo de poboación do concello. “A humaniza-

valorada no futuro”, afirmou. Xunto a esta actuación, citou o centro multifuncional, o futuro complexo deportivo con piscina municipal, novas zonas de estacionamento, a creación de zonas verdes e a promoción de vivenda pública, cualificada como “unha prioridade irrenunciable”.

Como gran fito, Blas García destacou a concesión de 11 millóns de euros de fondos europeos para o plan Ames Conecta (EDIL). “Este investimento permitiranos unir Milladoiro e Bertamiráns mediante rutas peonís, ciclistas e transporte público, sen esquecer o rural, clave para fixar poboación e garantir un desenvolvemento equilibrado do concello”, concluíu.

11 millóns de euros de fondos europeos para o plan Ames Conecta (EDIL). “Este investimento permitiranos unir Milladoiro e Bertamiráns mediante rutas peonís, ciclistas e transporte público, sen esquecer o rural

da Deputación da Coruña. “Contamos co compromiso firme da Deputación para facer de Ames un concello piloto desde o que comezar a despregar as comunidades enerxéticas”, explicou.

O alcalde puxo tamén en valor a consolidación da Empresa Pública de Augas de Ames (EPEL), que xa opera a

rios”, sinalou.

Como segundo gran eixo, o rexedor referiuse á estabilidade institucional e ao diálogo político existente no Concello. “Ames é un concello estable, no que somos capaces de sentarnos, dialogar e chegar a acordos polo ben da veciñanza”, afirmou, agradecendo a acti-

mitiu a cesión de seis parcelas para a construción de vivenda pública no Milladoiro. Aínda así, recoñeceu a existencia de asuntos pendentes, como a depuradora de Sisalde, Ponte Maceira ou a ampliación do centro de saúde de Bertamiráns, que o Concello retomará con intensidade ao longo de 2026.

Beatriz Martínez aproveita a visita do Conselleiro de Educación ó CEIP de Barouta para pedir novas actuación noutros centros

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, visitou o CEIP de Barouta para ver o remate das obras de renovación da cuberta deste centro educativo, no que están matriculados preto de 200 alumnos e alumnas.

A obra consistiu na substitución da cuberta existente por unha nova de paneis sándwich de 30 milímetros de espesor, incorporando illamento tanto na cubrición como no forxado. En total, actuouse sobre 1.430 metros cadrados de cuberta inclinada de panel metálico e



Durante a visita, na que participaron por parte do goberno municipal a tenente de alcalde, Susana Señorís, e a concelleira de Educación, Beatriz Martínez, así como outros concelleiros e conce-

cello de Ames, cun conxunto de actuacións en marcha que superan os 15 millóns de euros de investimento.

Neste senso, o conselleiro destacou a construción do novo CEIP do Milladoiro, cuxas obras avanza segundo o previsto e que cualificou como “un dos proxectos educativos de maior envergadura que temos nestes momentos en Galicia”. Así mesmo, salientou o remate doutra actuación relevante como foi a ampliación do Colexio Agro do Muíño, cun in-

vestimento de preto de 3,4 millóns de euros.

No que atinxe á intervención no CEIP de Barouta, Román Rodríguez subliñou a importancia da renovación da cuberta para a mellora da eficiencia enerxética do centro e do confort do alumnado e do profesorado no seu día a día.

Pola súa banda, a concelleira de Educación, Beatriz Martínez, agradeceu a implicación da Consellería con Ames, destacando actuacións como a ampliación

do Colexio Agro do Muíño, a construción do novo CEIP do Milladoiro e a reparación da cuberta do CEIP de Barouta. Martínez desculpou a ausencia do alcalde por motivos de saúde e trasladou ao conselleiro novas demandas do Concello en materia educativa.

En concreto, solicitou a intervención do ente autonómico nos centros de Barouta, A Maía e Ventín para dar solución a diversas deficiencias relacionadas coa accesibilidade, os servizos de conciliación e a impermeabilización e aclimatación das instalacións. “Somos un dos poucos concellos que medran en Galicia e o máis novo de toda a comunidade. Agradecemos a colaboración da Consellería, pero tamén solicitamos axuda para manter unha educación de calidade”, sinalou.

Beatriz Martínez: “Agradecemos a colaboración da Consellería, pero tamén solicitamos axuda para manter unha educación de calidade”

realizouse a impermeabilización de 392 metros cadrados de cubertas planas. Ademais, instaláronse novos canlóns e baixantes.

lleiras da corporación municipal, púxose de manifesto o compromiso da Xunta de Galicia coa mellora das infraestruturas educativas no Con-

214.348 euros para a gratuidade das

escolas municipais de educación infantil



A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xunta, concede a Ames unha axuda de 214.348,79 euros, para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís municipais de O Bosque e A Madalena

durante o curso 2025-2026. Deste xeito, a axuda concederá en dúas liñas: 84.000 euros para gastos de mantemento das escolas infantís, e 130.348,79 euros para a gratuidade da educación infantil nas escolas municipais.

Deste xeito, a atención educativa nas dúas escolas infantís municipais será de balde para todo o alumnado durante o presente curso. Tanto O Bosque como A Madalena aplicarán a un desconto do 100% no custo da matrícula, e será a Xunta de Galicia a que aboe o custo do servizo educativo.

Comeza unha nova edición do programa de reforzo educativo

para o alumnado dos institutos do Milladoiro e de Bertamirás

O departamento de Xuventude do Concello organiza unha nova edición do programa de reforzo educativo dirixido ao alumnado de 1º e 2º da ESO dos institutos de Ames. Desta volta, as clases desenvolveranse os luns e mércores na Casa da Cultura do Milladoiro, e os martes e xoves na Casa da Cultura de Bertamirás, en ambas localidades con horario de 16.30 a 19.45 horas.

A concelleira de Mocidade, Beatriz Martínez, destacou que “o programa de reforzo educativo é un servizo municipal que fun-

ciona moi ben entre o alumnado amesán polo que volve a poñerse en marcha un ano máis. Trátase de axudar ao alumnado no cambio e adaptación da educación primaria á secundaria, para prever así situacións relacionadas co fracaso ou o abandono escolar”.

Metodoloxía do programa

O alumnado participante está dividido tanto por cursos como por áreas formativas. A metodoloxía do programa consiste en traballar a comprensión das ideas adquiridas na clase a través da

práctica do temario xa impartido. O alumnado reforza as posibles lagoas de coñecemento, repasando contidos concretos que xa foron explicados con anterioridade nas aulas.

Estas horas de clases extra facilitan a recuperación de destrezas instrumentais básicas que dificultan ou imposibilitan aos estudantes atender o desenvolvemento ordinario das clases nos institutos. Os propios departamentos de orientación dos IES de Ames e do IES do Milladoiro son os encargados de derivar ao alumnado.

O BNG solicita recuperar o trazado histórico orixinal do Camiño de Santiago a Fisterra entre o Alto do Vento e o núcleo de Ventosa

O BNG recolle unha apreciación da veciñanza de Ventosa, na parroquia de Cobas, que leva anos poñendo de manifesto que o trazado actual do Camiño non coincide co percorrido tradicional que, segundo a memoria popular e testemuños de persoas maiores da parroquia, discorria por outro lugar diferente ao actual. Este antigo camiño, ademais de ter maior valor patrimonial, evita o paso pola estrada principal, onde no núcleo de Ventosa atopamos un punto especialmente problemático e perigoso para as persoas

que fan a ruta a pé que teñen que atravesar a estrada AC-453, sen ningún paso de peóns nin ningunha outra medida que garanta a seguridade nunha zona de escasa visibilidade situada entre dúas curvas. Polo que, segundo o Bloque, a situación actual supón un risco evidente para a seguridade viaria e pode derivar en accidentes ou situacións de perigo.

Segundo a súa portavoz, Escarlata Pampín, “Dende o BNG, consideramos necesario que o Concello de Ames, en colaboración coa veci-



ñanza, asociacións da zona e entidades relacionadas co Camiño, recompile información sobre o trazado his-

tórico orixinal, valore a súa viabilidade como alternativa máis segura, e proceda á súa sinalización e ó seu mantemento así como á promoción e difusión como opción preferente do Camiño de Santiago a Fisterra ao seu paso entre o Alto do Vento e o núcleo de Ventosa”.

Pampín anunciou tamén que o BNG levará ao Pleno de Xaneiro unha moción para regular un recargo no IBI para as vivendas desocupadas con carácter permanente. “Propoñemos que se entenda como vivenda desocupada aquela

que permaneza nesta situación de forma continuada e sen causa xustificada por un prazo superior a dous anos e que pertenza a titulares de catro ou máis inmobles de uso residencial, tamén propoñemos quen non se aplique o recargo en casos de traslado temporal por razóns laborais ou formativas, situación de dependencia ou saúde, vivendas obxecto de litixio, rehabilitación en curso, ou vivendas á venda (máximo 1 ano) ou alugueiro (máximo 6 meses) a prezos de mercado”, sinala a voceira nacionalista.

O PP culpa do “desastre” na N-550 ao Goberno local que nin escoita nin vixía e denuncia a indiferencia ante as súas advertencias

O PP de Ames remitiu unha nota de prensa na que denuncia a indiferencia do Goberno ante as repetidas advertencias do principal partido da oposición sobre as obras da N-550 no Milladoiro.

O 29 de decembro tivo lugar a recepción das obras aínda “cando todo o mundo coincidía na existencia de importantes e abundantes deficiencias” indican os populares. “O PP leva tempo advertindo dunha serie de problemas na execución dos traballos e das consecuencias dunha actuación que en vez de mellorar a vida dos veci-

ños é moi posible que a empeore” advirten. Xustifican esta afirmación na “alarmante eliminación de prazas de aparcamento e a habilitación dun carril único de circulación por sentido, cando de todos é sabido o fluxo de tráfico rodado da principal travesía do Milladoiro, sen esquecer o desvío dos coches por outras aldeas do municipio que viven cada un día un auténtico suplicio”.

A respecto da Comisión de Seguimento das obras, creada en xaneiro de 2025, o PP critica a indiferencia do Goberno local, “cabeza visible da comisión”, coas ad-

vertencias dos populares a respecto das deficiencias en sinalización a pesares de terse producido o accidente dun motorista a causa dun desnivel sin sinalizar e o atropelo de dous cans nun paso de peóns xunto con outros incidentes.

A medida que avanzaban os traballos “quedaban ó descuberto máis deficiencias que esa comisión de seguimento semella que non detectou. Agora, unha vez entregada a obra, e diante do enfado dos veciños, o goberno municipal pide explicacións á empresa. Non se trata de bus-



car culpables, pero está claro que non houbo quen estivese vixiando unha das obras máis importantes do municipio de Ames nos últimos anos. E de seguro, que isto aínda non remata aquí.

O PP avisou moitas veces e segue avisando a través de diferentes escritos, mentres o goberno mira para outro lado e non quere escoitar”, insisten os populares de Ames.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com



Canle WhatsAmes

A Canle de WhatsApp do Concello de Ames

- ✓ Axenda, actualidade, avisos, ...
- ✓ Infórmate de forma sinxela, fiable e privada!!!



Escanea o QR



Concello
de AMES

Tes algunha dúbida,
consulta ou suxerencia?

WhatsAmes

A túa liña directa co Concello

606 71 41 63

Análise. **Venezuela:** cando o dereito internacional é o punto de partida

Cando se discute sobre Venezuela, o dereito internacional adoita aparecer como un accesorio retórico, algo que se invoca para reforzar unha postura xa tomada. Pero o dereito internacional non funciona así. Non é un espello que devolve o que queremos ver, senón un marco que nos obriga a mirar máis aló das nosas simpatías ideolóxicas.

E é que o 3 de xaneiro, Venezuela foi obxecto e testemuña dun feito doloroso, dunha fractura para o dereito internacional, un episodio que lembrou ata que punto a estabilidade pode crebarse cando a forza substitúeo. Ese día, un ataque executado por un goberno

que seguía sendo utilizado para xustificar accións externas que vulneraban principios básicos para a convivencia dos Estados. E isto non é novo, se non, preguntemos a George W. Bush.

Desde a perspectiva do dereito internacional, o 3 de xaneiro abriu un debate inevitable sobre responsabilidade, proporcionalidade e legalidade. Ningún Estado pode xustificar unha acción armada en territorio alleo sen demostrar de maneira clara e verificable que actuou en lexítima defensa, e aínda así, a resposta debe ser estritamente necesaria e proporcional. Neste caso, a ausencia dun proceso transparente e a falta dunha

a integridade territorial dun país, todos os Estados, sexan grandes ou pequenos, aliados ou adversarios, quedan expostos a un precedente perigoso. Por iso, insistir no dereito internacio-

Hai quen denuncia con fervor a violencia allea mentres xustifican, minimizan ou rebautizan a propia. Coma se o sufrimento cambiase de natureza segundo o uniforme que o executa ou a bandeira que o ampara. Esa elasticidade moral non só distorsiona a linguaxe, erosiona a posibilidade mesma de falar de dereitos humanos sen convertelos nun instrumento de ocasión.

nal como punto de partida non é un xesto académico, nin un capricho. É unha defensa da única arquitectura que protexe aos países fronte á arbitrariedade e a forza.

Para Venezuela, e para

calquera país que viviu tensións internas, sancións, presións externas e narrativas cruzadas, o 3 de xaneiro é un recordatorio incómodo. Ningunha análise sería pode prescindir do de-

reito internacional, mesmo cando resulta molesto para quen prefire explicalo todo desde afinidades ideolóxicas. O bombardeo mostrou que a comunidade internacional reacciona de maneira desigual, que os principios

se aplican con selectividade e que os discursos cambian segundo quen exerza a forza. Precisamente por iso, insistir no dereito internacional como punto de partida non é inxenuidade, se-

nón a única forma de evitar que a arbitrariedade se normalice e que os países pequenos ou vulnerables queden a mercé dos máis poderosos.

A paz non era -ou se supoñía que era- a ausencia de guerra?

A ausencia de bombas. A ausencia de medo. Con todo, para a actual premio Nobel -tan novel aínda na arte de nomear o que descoñece- parece ser exactamente o contrario. As súas constantes celebracións, pronunciadas coma se a violencia puidese xustificarse por acumulación de metáforas, deixaron a sensación de que a paz xa non é un horizonte ético, senón un recurso retórico que se invoca segundo conveña. E aí é onde o desconcerto vólvese político, cando quen debería defender a paz redefínena ata baleirala, o que queda non é un concepto, senón un ruído que lexítima o que o dereito internacional prohíbe.


Ese investimento do sentido contrasta con voces que si pensaron a paz desde a experiencia, a responsabilidade e desde América Latina. A tamén Premio Nobel

Non se tratou só dun ataque militar, senón dun sinal de alarma sobre a fragilidade da orde xurídica internacional

externo impactou territorio venezolano. Máis aló das interpretacións políticas, o feito en si mesmo puxo en cuestión uno dos principios máis básicos da Carta das Nacións Unidas: a prohibición do uso da forza contra a integridade territorial doutro Estado. Non se tratou só dun ataque militar, senón dun sinal de alarma sobre a fragilidade da orde xurídica internacional. Ese día, mentres o país tentaba procesar o impacto do ataque, tamén quedou claro que certas narrativas internas tiñan alcanzado un punto de saturación. Para moitos observadores, o delirio discursivo asociado ao chamado "Cartel dos Soles" chegou ao seu culmen, convertido nun recurso que xa non explicaba nada, pero

xustificación convincente diante da comunidade internacional deixaron un baleiro que só aumentou a preocupación. Venezuela, como Estado afectado, tiña dereito a esixir explicacións, activar mecanismos diplomáticos e solicitar a intervención de instancias multilaterais para esclarecer os feitos e evitar a súa repetición.

O episodio tamén revelou algo máis profundo, e isto é a asimetría coa que se aplican e interprétanse as normas internacionais. Mentres algúns actores de forma maniquea minimizaron o ataque ou o xustificaron desde lecturas políticas, outros lembraron que a legalidade internacional non depende de simpatías ideolóxicas. O 3 de xaneiro mostrou que, cando se vulnera



Obrigado, mesmo para quen non quere velo *Redacción/ M^a del Carmen Carreño*

da Paz de 1992, Rigoberta Menchú, insistiu sempre en que a paz só existe cando hai xustiza, memoria e dignidade para os pobos, e recoñeceuse a si mesma como muller indíxena, latinoamericana e profundamente colonial.

Custaría imaxinar a Rigoberta Menchú entregando o seu Premio Nobel da Paz ao representante dun poder que historicamente oprimi

roe”, mentres o seu aparello migratorio detén a menores -latinoamericanos- a través do Servizo de Inmigración e Control de Aduanas. A soa imaxe de Liam Coello resulta moralmente inconcebible. Menchú, marcada pola memoria do xenocidio e pola defensa dos máis vulnerables, xamais podería avalar simbólicamente un dispositivo estatal represivo. Porque, ao final, todo

ces cando convén? Hai quen denuncia con fervor a violencia allea mentres xustifican, minimizan ou rebautizan a propia. Coma se o sufrimento cambiase de natureza segundo o uniforme que o executa ou a bandeira que o ampara. Esa elasticidade moral non só distorsiona a linguaxe, erosiona a posibilidade mesma de falar de dereitos humanos sen convertelos nun instru-

menta) termina traizoando a súa propia historia.

A literatura venezolana entendeuno moito antes que a política. Poucas obras móstrano con tanta claridade como “Cando quero chorar non choro”, de Miguel Otero Silva. Alí, tres homes, tres personaxes chamados “Victorinos” nacen o mesmo día, na mesma cidade, pero en universos sociais que xamais se tocan. Un crece na opulencia, outro na clase media con conciencia social, politizada e activista, e outro na pobreza máis crúa, da Caracas e os seus ranchos. Os seus destinos non se cruzan, pero condiciónanse mutuamente. A novela é un espello incómodo porque reflicte que Venezuela non é unha soa, senón moitas, coexistindo en tensión permanente. E esa multiplicidade non desaparece.

Esa obra debería ser lectura obrigatoria para calquera que pretenda opinar sobre Venezuela desde a distancia. Porque Otero Silva non só retrata desigualdades: retrata a imposibilidade de narrar ao país desde un único punto de vista. Cada Victorino é Venezuela, pero ningún a esgota. E esa lección literaria é esencial para entender por que calquera intento de homoxeneizar ao exilio, á oposición ou ao chavismo é, no fondo, un acto de descoñecemento.

Sen ese marco, o debate sobre Venezuela convértese nun intercambio de consignas. Con el, en cambio, vólvese posible falar de responsabilidades, obrigacións e garantías. Non para demo-

nizar a un goberno nin para santificar a unha oposición, senón para lembrar que os dereitos humanos non son negociables.

Mirarnos sen negar ao outro

Hai un xesto profundamente humano -e profundamente político- en deterse a mirar ao outro sen convertelo en inimigo. Venezuela necesita ese xesto. Tamén o necesita o debate internacional sobre Venezuela.

A diáspora venezolana non é uniforme. Hai persoas que apoian ao goberno, persoas que o rexeitan, persoas que simplemente queren sobrevivir. Hai profesionais, estudantes, traballadores informais, activistas, opositores, chavistas desencantados, chavistas convencidos, persoas que nunca se identificaron con ningún proxecto político. Pretender que todos eles comparten unha mesma axenda é descoñecer a complexidade que a literatura, a socioloxía e a vida cotiá levan décadas mostrando.

“Cando quero chorar non choro” volve ser útil aquí. Os tres Víctorinos non só representan clases sociais distintas: representan formas de mirar o país. Un observa desde o privilexio, outro desde a militancia, outro desde a supervivencia. Ningún ten a verdade completa, pero todos teñen unha verdade parcial que merece ser escoitada. Esa é a metáfora máis poderosa da novela, Venezuela só pode entenderse se aceptamos que está feita de miradas incompatibles pero igualmente reais.

Hai un xesto profundamente humano -e profundamente político- en deterse a mirar ao outro sen convertelo en inimigo. Venezuela só pode entenderse se aceptamos que está feita de miradas incompatibles pero igualmente reais.

ao seu pobo, un poder que se actualiza e envólvese na chamada “Doutrina Don-

desemboca na mesma pregunta incómoda ou seica a represión tamén ten mati-

mento de ocasión.

Precisamente por iso, a comparación resulta tan elocuente: cando unha figura política decide ofrecer simbólicamente o seu capital moral a quen encarna, para moitos, unha lóxica de poder percibida como colonial ou intervencionista, o contraste vólvese inevitable. Non porque as situacións sexan idénticas, senón porque a imaxe revela unha distancia ética profunda entre quen entende a paz como xustiza e quen a reduce a un xesto utilitario.

Os Victorinos e as Venezuelas

Falar de Venezuela esixe unha dose de honestidade que ás veces escasea no debate público. Non porque falten datos ou testemuños, senón porque sobran narrativas prefabricadas que tentan encaixar un país complexo en moldes ideolóxicos demasiado estreitos. Venezuela nunca foi un bloque uniforme, e calquera intento de reduci-la a unha soa voz (sexa oficialista, opositora ou da novísima diás-



Venezolanos aquí. Javier Salas, presidente de AVESANTI: “Podemos disculpar a Maduro, pero por fin se fixo algo e de ahí hai que entender que isto é

Javier Salas é un xornalista venezolano, octoxenario, que vive coa súa muller desde hai case 11 anos en España. Agora en Brión desde onde preside a Asociación de Venezolanos de Santiago e Comarca. Unha entidade sen ánimo de lucro que se dedica a favorecer a

integración dos migrantes venezolanos e doutros países na comarca de Santiago. Revitalizou unha asociación nacida en 2007, que pasou un bache de actividade, pero que agora non para na súa actividade asesora dos recién chegados ou no envío de

medicinas ao seu país, por unha banda e organizando foros e conferencias nos que tratan asuntos relacionados coa súa actividade principal, a primeira orientación básica aos emigrantes, para a procura da súa regularización administrativa, de casa, de

emprego, a solicitude de asilo. Quixemos saber cal era a súa percepción de como afecta a situación política actual aos migrantes, mais convulsa tras a intervención dos Estados Unidos capturando a Maduro. Javier observa un atisbo de esperanza na poboación dun

país rico, polas súas reservas de petróleo, pero moi castigado logo de 26 anos de réxime chavista e logo dunha interminable alternancia de democracia e dictaduras. Hoxe, perto de sete millóns de venezolanos están fora do país.

AMSGO: Javier, en que consiste a actividade da asociación?

Javier Salas: AVESANTI somos unha asociación sen ánimo de lucro incluída. No rexistro da Xunta de Galicia e que se fundou en 2007 e forma parte da Federación Venezolana de Galicia (FEVEGA). Despois duns anos de moita labor, caeu no esquecemento e fai dez anos un grupo decidimos recuperala, para o que nos puxemos en contacto cos fundadores e celebramos unha asemblea para escoller unha nova directiva e volver a traballar. O obxectivo é facilitar a integración entre os que chegan e os que están. Facémolo de dúas formas: unha dando orientación preliminar e básica aos chegados recentemente, sexan ou non venezolanos. Chámanos e dinnos, vostedes son os venezolanos?, e que cheguei a semana pasada... Entón nós respondemos: mira o primeiro que tes que facer é buscar onde vivir para poder empadroar. Logo preguntamos si veñen sos ou con nenos...

AMSGO: É doado atopar vivenda?

Javier Salas: Está difícil. Para os que acaban de chegar como para os nacionais.

Pero o importante para lograr estabilidade é estar en situación legal. A maioría veñen con medo, cunha falsa crenza de que aquí van ser perseguidos ou calquera outra cousa. Explicámoslles que aquí están en situación administrativamente irregular. Non é o mesmo que nos países de orixe. Non te pararan pola rúa. Así que a menos que cometes un delito non tes que temer nada. Logo está a asistencia sanitaria. Aquí é gratuíta e universal. É importante empadroarse, buscar traballo e regularizar a situación de estancia. Orientamos de xeito concreto si se trata de petición de asilo político, e ten que dirixirse á policía para iniciar uns trámites concretos ou ben por motivo de búsqueda de traballo. Procuramos darlle tranquilidade. En todos os ordes.

AMSGO: Tamén dan traballo?

Javier Salas: Non. Pero si orientamos para que o consigán e pedímoslles que estean atentos ás nosas redes sociais.

AMSGO: Sen papeis, hai que traballar en negro.

Javier Salas: Nós atémolos á legalidade. Pero non podemos negar que é unha realidade que existe.

AMSGO: E a xente toma ben ter que traballar no que non queren os de aquí, ou en peores condicións en algúns casos?

Javier Salas: Iso si que o explicamos nada máis se poñen en contacto. Ao doutor en Filosofía ou ao enxeñeiro en orixe, dicímoslle: como te chamas? Luís Pérez, pois aquí es Luís Pérez, nada de doutor, polo menos ata que arranxes os papeis e valides as titulacións coa súa correspondente carreira en España.

“O obxectivo é facilitar a integración entre os que chegan e os que están”

AMSGO: E como toma a administración a vosa participación?

Javier Salas: Nos traballamos en Santiago e comarca. Podo dicir que mantemos unha comunicación e unha relación estreitas cos servizos sociais dos concellos. Respectamos as competencias das traballadoras e traballadores sociais. AVESANTI temos colaborado co Concello de Ames ademais no Festival Intercultural e nese tipo de cousas e fixémoslo con moito gusto.

AMSGO: Haberá casos

que se complican, ou recién chegados que vos expón circunstancias difíciles ou pouco comúns. Nese caso, cómo actuades?

Javier Salas: Temos boa relación con avogados aos que podemos trasladar unha primeira consulta e logo xa decide cada persoa como actuar. Respectamos aos profesionais, que deben cobrar polo seu traballo e informamos tamén de que existe a posibilidade de recorrer a un avogado de oficio.

AMSGO: Falabas de dúas formas de traballar. Ademais da orientación, que facedes?

Javier Salas: Conferencias informativas. Charlas gratuítas abertas a todo o público. Todos os temas gardan relación con facilitar a integración e impártense por profesionais prestixiosos. Como vencer o estrés migratorio, como ter unha alimentación san, facilitando a adaptación das rutinas alimentarias do Caribe, por exemplo, ás de Galicia. Eu engordei dez quilos en tres meses e medio! Demos outra sobre dereitos laborais, medicina. A que máis me gustou foi unha que coincidiu coas eleccións nacionais e municipais, e pensamos: aínda que ti non votes, porque non es nacional, ti vives aquí e debes intere-

sarte sobre as propostas de futuro que se debatan.

AMSGO: Non parades.

Javier Salas: Non. Outra cousa que facemos e non comentei é que recolleamos medicinas e mandámolas para Venezuela. Ao primeiro estábamos en contacto cunha organización que se chamaba “La Pastillita”, e que se encarga de dispensar as medicinas a xente sen recursos con necesidade de medicinas. Agora facemos os envíos a través da Cruz Vermella.

AMSGO: Tedes financiamento?

Javier Salas: Orixinalmente había unha subvención do Concello de Santiago, no 2007. Pero agora, nós non temos grandes gastos. Moitos dos eventos facémolos por Zoom ou Instagram e cando facemos actos físicos, facémolos nas mellores oficinas do mundo: Nos centros socioculturais. O único problema, a parte burocrática. Pero agora xa está moi rodado.

AMSGO: Puideches reflexionar, como colectivo venezolano na Comarca de Compostela, sobre a realidade de Venezuela, logo da intervención americana e a captura do presidente Maduro?

“...ata que as velas non ardan se foi ou non foi un acto legal a captura un proceso e que sentáronse bases firmes para a esperanza”

Javier Salas: Notamos un incremento de migrantes venezolanos. Procedentes de Venezuela e tamén de Estados Unidos, e de Perú. O que nos preocupa especialmente é que estase a levantar moito odio. Tamén é certo que, eu, que son xornalista e teño oitenta anos, nunca tivera constancia de tantos sucesos negativos con venezolanos involucrados. Iso igual ten que ver con que de Venezuela non só saíu boa herba, senón tamén mala herba. E a mala herba é mala herba onde sexa. Pero en fin, saíron do país arredor de sete millóns de venezolanos, case unha terceira parte da poboación. Por iso Maduro non deixou votar aos

venezolanos no estranxeiro nos últimos comicios, que gañou Edmundo Gonzalez. Poñamos unha cifra baixa, de 6 millóns, só puideron votar 67.000. Podendo, votar tampouco é doado. O consulado está en Vigo e atende tamén a Asturias e Castela e León.

AMSGO: Pero a nivel máis familiar, máis persoal, como vos afecta?

Javier Salas: Mira voume estender un pouco. No ano 1999 Chavez gaña as eleccións, e aínda o Consejo Electoral non estaba dominado polo chavismo. Tomou o poder no 2000, a día de hoxe, levan 26 anos e os venezolanos vemos como se deteriora o país, como se deterioran as súas liberdades, vendo como se destrúe a sociedade, vendo como a xente escapa... E levantouse a voz, eu estiven en Caracas en manifestacións de 300.000 persoas, un mar de xente. Pero

ninguén moveu unha man, en ningún sitio, máis alá de un “condenamos”. O tres de xaneiro pasou o que pasou. E a primeira reacción dos venezolanos foi que por fin alguén está a facer algo. Podemos discutir ata que as velas non ardan se foi ou non foi legal. Pero alguén fixo algo, por fin. Iso creou unha expectativa, pasouse da sorpresa á emoción, a ale-

gría. Un pouco esaxerada.

AMSGO: Por que?

Javier Salas: Porque saímos berrando somos libres!. Pero en realidade mantívose a estrutura do país. Temos unha presidenta, o congreso, a Corte Suprema, o Congreso, as alcaldías, todo está en poder do Estado. Que libres? De todo isto o que quedaron foron dúas cousas: Unha, entender que isto é un proceso. A ter base firme para a esperanza.

AMSGO: Qué noticias tedes da vosa xente alá?

Javier Salas: Hai diferentes situacións. Imos falar do bo. Eu creo que baixou a inseguridade, en parte porque moito malandro xa ten fuxido, aí están o cartel dos Soles ou o Tren da Auga, que está en Estados Unidos. Eu percibo que a xente é consciente do que está a pasar, pero por outro lado a xente ten unha vida. Teñen que saír comer, traballar. Entón están tratando de amalgamar estas dúas cuestións. E non ser demasiado expresivos. Nós xa pasamos o mandato de non enviar nada por redes ou whatsapp a Caracas, porque a policía para ós cidadáns e revísalles o teléfono. Se atopa conversacións sospeitosas, para dentro!

AMSGO: E a economía?

Javier Salas: Polo que reportan os familiares, parece que non hai escaseza, na economía funciona o dólar. E a xente sigue a súa vida esperanzados, alegres dentro da penuria, porque os servizos públicos funcionan moi mal. A luz vaíse a cada rato,

ao igual que Internet, a auga pode fallar dez días seguidos. Unha das primeiras declaracións de Trump ía orientada a anunciar que unha das primeiras intervencións sería arranxar o sistema eléctrico e pode ser crible, dada a importancia da electricidade para a industria petroquímica, o refinado do petróleo, un ben polo que amosou interese. De todos xeitos non debemos esquecer que a pobreza en Venezuela afecta ao 70 ou 80 por cento da poboación. Hai desnutrición infantil e reapareceron enfermidades que estaban erradicadas. O país está destruído.

AMSGO: Pero son un país rico.


Javier Salas: Venezuela ten as maiores reservas de petróleo do mundo. A súa economía sempre xirou arredor do cru. Desde a perforación do pozo Fumaque 1, en 1914 ata o ano 2000 o petróleo foi explotado, no bo sentido da expresión, polos americanos. O mercado natural de Venezuela era Estados Unidos. E os americanos tiñan un socio fiable en Venezuela. Nunca fomos unha potencia industrial e tampouco tiñamos unha grande produción alimentaria, había que importar. O 95% dos dólares que entraban en Venezuela proviñan do que pagaban os gringos polo petróleo que extraían. Pero en Venezuela, como dixo Arturo Uslar Pietri, “hai que sementar o petróleo”. Venezuela nunca sementou o petróleo.

AMSGO: Finalmente,

como cidadáns venezolanos, cómo enxuciades o papel de España e de Europa respecto ás relacións bilaterais e tamén en concreto tras a inxerencia de Estados Unidos.

Javier Salas: España falou algunhas veces, pero tampouco fixo nada en todo este tempo. A respecto da actuación do Sr. Zapatero, creo que hai moita tela que cortar. Pero volvendo a España, si fixo algunhas declaracións, pero moi tímidas. O mesmo que fixo Europa. Pero é verdade que España si facilitou ou polo menos non puxo maiores trabas á emigración venezolana. Mira, o papel de España é tímido. Pero unha muller non pode estar medio embarazada, ou está ou non. Xestos. É verdade que acolle a Edmundo González e a outros opositores. Pero Edmundo González é, para o mundo o gañador dunhas eleccións e polo tanto é presidente electo, aínda que non fora investido. Pois o señor Sánchez recibíuno na Moncloa, pero nos xardíns. Son xestos, que para min marcan un pouco algúns aspectos da acción do Goberno de España respecto a Venezuela, sobre todo porque ambos países, nos anos 50, durante as dictaduras de Pérez Jiménez e Franco, asinaron un acordo para a acoillida de emigrantes en Venezuela e a colonia española converteuse na máis numerosa, por riba da italiana.

Contactos AVESANTI:
avesanti2017@gamil.com
620 968552
629 512991



XANEIRO 2026

Xa está o Entroido ás portas

O Concello de Ames, a través das concellarías de Promoción Económica, Cultura e Educación, e xunto coa participación da Xuntanza de Empresarios de Ames (XEA), presentou na Casa da Cultura do Milladoiro a programación deste Entroido 2026. A festa transcorrerá do sábado 14 ao luns 16 de febreiro cunha morea de actividades xa tradicionais no concello enfocadas ao público adulto e ao infantil, como os concursos de disfraces, cuxas bases poden ser consultadas na web do concello.

Programación de Entroido

O Entroido dará comezo no Concello de Ames o sábado 14 de febreiro. Dende as 16.30 a charanga Os Celtas serán os encargados de amenizar a festa polas rúas

O Entroido “é tamén unha oportunidade educativa, onde o xogo, a creatividade e a convivencia van da man”.

do Concello, antes de que, ás 17.00 horas, a asociación de baile de Bertamiráns, Danzaya, exhiba os seus mellores pasos na Praza da Mahía.

Xa o domingo, chegará a quenda do concurso de disfraces e o desfile no Milladoiro. Nesta edición haberá tres categorías: a individual, para unha ou dúas persoas, e que terá premios de 100€ para o primeiro clasificado, 75€ para o segundo e 50€

para o terceiro; grupos de entre 3 e 10 persoas, con premios de 300€ para o primeiro clasificado, 200€ para o segundo e 100€ para o terceiro; e grupos grandes de máis de 10 persoas, con premios de 500€ para o primeiro clasificado, 300€ para o segundo e 150€ para o terceiro.

O desfile dará comezo ás 17.00 horas dende o aparcadoiro da Casa da Cultura do Milladoiro e estará amenizado polo grupo Os Charangos de Neda. Ás 18.30 horas comezará a entrega de premios, tamén no aparcadoiro da Casa da Cultura, antes de dar paso ao fin de festa co Dúo Infinito, formado por dúas artistas mozas de Ames.

O luns tócalle aos máis pequenos lucir os seus disfraces. Os nenos e nenas de ata 12 anos poderán participar no concurso de disfraces infantil, que a diferenza do de maiores, só terá dúas categorías: individual, con premios de 100€ para o primeiro clasificado, 75€ para o segundo e 50€ para o terceiro; e en grupo, con 300€ para o primeiro clasificado, 200€ para o segundo e 100€ para o terceiro.

Inscripcións para os concursos

Para poder participar tanto no concurso de adultos como no infantil, deberánse enviar as solicitudes ao enderezo de correo electrónico entroidoames@gmail.com ata o día 10 de febreiro. No caso das inscricións para o concurso infantil, tamén se aceptarán anotacións ata o propio día do desfile, mais non se poderá incluír música propia, facilitándolle aos nenos nesta situación música xeral. As ba-

O 17 de febreiro volve o Cocido dos Maiores

O Concello de Ames recuperou no ano 2022 a tradicional festa dos maiores, que se celebrou a comezos do mes de xullo. Posteriormente, en 2023 decidiuse que a festa dos maiores íase a realizar o martes de Entroido. Deste xeito, en 2024 e 2025 déuselle continuidade a dita festa coa segunda e terceira edición do cocido dos maiores.



En 2026 volve esta festa para os maiores por cuarto ano consecutivo. Este ano celebrarase o martes, 17 de febreiro, martes de En-

troido, a partir das 14.00 horas, no pavillón do Milladoiro.

O prazo para inscribirse no cocido estará aberto dende o 26 de xaneiro ata o 6 de febreiro. Para elo hai que reservar praza chamando, de luns a venres, en horario de 9.00 a 14.00 horas, aos números de teléfono: 881 074 730 / 669 119 431 / 662 377 302.



Enche a rúa de cor, música, humor e convivencia, cun programa para disfrutar en familia, apoiar o comercio local e manter vivas as tradicións”.

ses para ambos concursos están publicadas na web municipal.

Pensando non nenos e nenas Durante a presentación da programación do Entroido, expuxéronse os puntos clave que sostarán a festa do entroido deste ano 2026. Unha festa que, en pa-

labras da primeira tenente de alcalde, Susana Señorís, “é unha celebración que xa forma parte dos amesáns e amesás”, xa que “enche a rúa de cor, música, humor e convivencia, cun programa pensado para disfrutar en familia, apoiar o comercio local e manter vivas as tradicións”.

Palabras que secundou a concelleira de Promoción Económica, Ana Paz, declarando que é “unha actividade moi bonita que vai encher as rúas de dinamismo e vida”. A concelleira quixo poñer en valor esta festa, a cal sempre conta cunha

gran acollida por parte de toda a veciñanza, e estreitar lazos co comercio local, indicando que un dos obxectivos do concello é “dinamizar as rúas para axudar ao noso comercio e hostalería”.

O entroido é tamén un espazo onde as actividades infantís teñen especial relevancia. A concelleira de Educación, Beatriz Martínez, desvelou que este ano púxose “especial coidado para os pequenos e pequenas” e fixo fincapé en que o Entroido “é tamén unha oportunidade educativa, onde o xogo, a creatividade e a convivencia van da man”.

ICTUS

Chévere estrea en febreiro un proxecto que preparou e ensaiou en Ames a través do convenio que Cultura fai cos grupos para uso das instalacións municipais. “A derradeira lección do mestre”, de Castelao permite a esta comprometida compañía afondar sobre unha afirmación cada vez máis escoitada: a confianza na democracia redúcese ao mesmo tempo que se perde a memoria directa sobre a experiencia fascista dos anos 30, que levou ao golpe do 36 e á 2ª Guerra Mundial.

En outubro do 2018 inaugurouse na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela unha exposición titulada Castelao Maxistral, anunciada como “unha homenaxe a Castelao e aos protagonistas do ensino público durante o primeiro terzo do século XX”, que se artellaba arredor de A derradeira lección do mestre.

Antes da inauguración oficial da exposición fíxose un acto inédito de recepción do cadro presidido por Alberto Núñez Feijoo, presidente da Xunta de Galicia, con presenza de autoridades, partidos políticos con representación parlamentaria e representantes de organizacións de emigrantes.

O cadro presentouse dentro dunha caixa. Os técnicos dunha empresa de transporte de obras de arte realizaron as tarefas de desembalaxe, colocaron o cadro sobre uns cabaletes e despois no chan, de pé contra unha parede branca.

Entón o presidente da Xunta aproximouse a un micrófono situado diante do cadro e deu un breve discurso no que salientou: “Trátase dunha obra moi significativa na súa traxectoria e tamén un símbolo para Galicia: pola man que a pintou; pola súa excepcional calidade e pola lección histórica que representa a

homenaxe que dedica aos mestres.”

Chévere viu fotografía do acto de recepción na que aparecen as autoridades rodeando o cadro de Castelao, deitado sobre un taboleiro, axiña pensamos no famoso cadro de Rembrandt que retrata unha disección anatómica feita en público.

Daquela “entendemos o acto de recepción do cadro en Galicia setenta anos despois de que fose pintado como unha especie de lección de anatomía da memoria e o lugar no que foi presentado, a Cidade da Cultura, como un deses Anatomical Theatres nos que tiñan lugar as diseccións no Ámsterdam do século XVII” contan desde o grupo de teatro. “Entendemos tamén o acto de recepción como unha especie de exhumación institucional” engaden.

Entón lembraron que, de momento, ningún goberno democrático en España asumiu a exhumación dos corpos das persoas asasinadas e soterradas en foxas comúns polos golpistas do 36.

Pero, ao contrario, cando se trata de produtos artísticos e culturais, os gobernos acostuman a liderar a recuperación dos mesmos.

Pasou co Gernika de Picasso no ano 1981 cando o goberno da UCD fixo todo o posible para tralo de volta



a España definitivamente e clausurar a memoria do exilio republicano durante a Transición.

E volve suceder trinta e sete anos despois cando o goberno galego do PP organiza e preside o acto de recibimento do cadro de Castelao, para reconstruír a narrativa da súa memoria, reflexionan na súa investigación os compoñentes desta compañía teatral, con 38 anos de existencia.

Un feito que, falando de mortos e caixas traídas de Arxentina, garda certos paralelismos co retorno dos restos de Castelao organizado polo goberno de AP no ano 1984. “Como se estivésemos a falar dos tres enterrados de Rodríguez Castela”, apuntan.

A idea da obra baséase na exploración do que pasa cando un trauma afecta a nosa memoria individual ou a nosa memoria colectiva.

A reflexión xira arredor da pregunta “como se constrúen as narrativas da memoria?”, tomando como punto de partida o cadro *A derradeira lección do mestre* de Castelao, pintado no exilio en home-

naxe a Alexandre Bóveda, fusilado en 1936 polos autores do golpe de estado tras un xuízo sumarísimo.

En 2018, o goberno galego organizou un acto institucional de recepción do cadro durante o cal o seu presidente presentouno como unha homenaxe aos mestres do primeiro terzo do século XX. Algo non cadra aí. Perdeu a memoria? Non é quen de recordar o contexto histórico que rodea o cadro? Ou é que o trauma do golpe de estado de 1936 e a violencia desatada en Galicia segue alterando a nosa memoria histórica noventa anos despois?

Pódese entender isto como unha psicopatoloxía da memoria? E que pasaría se tratásemos esta alteración da memoria histórica (amnesia selectiva, fabricación de falsos records, etc.) coas mesmas prácticas e adestramentos que usan as persoas que perden partes da súa memoria por un ictus, un tumor cerebral ou un golpe na cabeza?

Estas preguntas levaron á compañía a poñerse en contacto coa Federación Galega de Dano Cerebral, así como

con asociacións dedicadas á memoria histórica.

Para traballar a performatividade da investigación sobre o valor simbólico que se lle atribúe a esta obra de Castelao, Chévere fixo unha reprodución do cadro para presentala en contextos públicos diversos, asociada a un breve cuestionario ao que se accede desde un código QR. Isto serviu para abrir e transparentar o proceso de creación, ao mesmo tempo que se amplía a conversa arredor deste cadro senlleiro e da memoria conflitiva que representa. En Ames expúxose nas casas da Cultura de O Milladoiro e Bertamiráns. Máis de medio milleiro de persoas responderon.

De todo este proceso, tírase unha conclusión: a confianza na democracia redúcese ao mesmo tempo que se perde a memoria directa da experiencia fascista dos anos 30 que conduciu ao golpe do 18 de xullo, á Segunda Guerra Mundial e ao xenocidio.

A estrea será o 20, 21 e 22 de febreiro do 2026 no Auditorio de Galicia de Compostela. En Ames, os días 8 e 9 de maio.

XANEIRO 2026

María Estévez consegue coa selección galega sub20 o campionato de España de campo a través por federacións

A atleta amesá, María Estévez, segue logrando éxitos. Desta volta, conseguiu a medalla de ouro coa selección galega sub20 no campionato de España de campo a través individual e por federacións autonómicas, que se celebrou este pasado domingo, 25 de xaneiro, no circuíto "El Pinillo" de Almodóvar del Río (Cordoba). Trátase dunha vitoria histórica para o atletismo galego. O equipo sub20 estivo formado por Sandra González, Demeku Paniagua, Debris Paniagua, Sabela Martínez e María Estévez.

María Estévez suma un novo éxito ao seu palmarés. A atleta amesá participou este pasado domingo, 25 de xaneiro, no campionato de España de campo a través individual e por federacións autonómicas. María Estévez xunto con Sandra González, Demeku Paniagua, Debris Paniagua e Sabela Martínez, formaron o equipo sub20 feminino da selección galega.

As atletas galegas completaron unha gran participación sumado o menor número de puntos posibles para acadar o título por fe-



deracións autonómicas, un fito histórico para o atletismo galego.

As catro primeiras posicións da proba estiveron ocupadas polas atletas ga-

legas. Primeira foi Sandra González, cun tempo de 19.52. A segunda e terceira posición foron para as irmáns Demeku e Debris Paniagua cun tempo de 20.01

e 20.12. Na cuarta posición chegou Sabela Martínez cun tempo 20.25 e na posición décimo primeira chegou á liña de meta, María Estévez, cun tempo de 21.17.

Participación brillante do MillaRaio no Campionato Galego de Cross Xogade 2025-2026

O pasado sábado, 17 de xaneiro, o club de atletismo MillaRaio participou no Campionato Galego de Cross Xogade 2025-2026, celebrado na vila lucense de Ribadeo e organizado pola Xunta de Galicia. Participou nesta competición o equipo feminino sub12, logo de proclamarse campioas provinciais, e tamén Mateo Vilela, da categoría sub12 masculino, que conseguiu a clasificación de xeito individual.

Durante esta xornada os resultados non puideron ser mellores para o MillaRaio: tanto o equipo feminino, formado por Pepa Bernárdez, Celia Mella, Sabela Cabo, Olaia Pazos, Erin Bouzas e Emma Regueiro; como

Mateo Vilela, conseguiron o ouro nas súas respectivas categorías.

Trofeo ABANCA e Campionato galego de clubs de probas combinadas



Por outra banda, o pasado 21 de decembro, os oito mellores equipos de Galicia deronse cita no Trofeo ABANCA na pista curta de Expourense. Durante esta competi-

ción, participaron os equipos sub12 feminino e sub10 masculino do MillaRaio. O equipo masculino logrou un valioso terceiro posto grazas ao bo traballo nas probas disputadas ao longo da xornada. Os postos do podio decidíronse na derradeira proba de remudas 4x50.

Polo equipo masculino sub10 participaron Mateo, Pedro, Xoel, Manuel, Samuel e Raúl, mentres que polo feminino sub12 fixeron o propio Celia, Olaia, Sabela, Lia, Vera, Xiana, Emma R., Emma V., Paola, Erin e Sara.

As boas novas non remataron aí, porque, na seguinte fin de semana, os días 27 e 28 de decembro, o equipo formado Breixo Lucas, Nuno e David acadou unha traballada quinta posición no Campionato galego de clubs de probas combinadas.

Olivia Parga seguirá contando co apoio da Federación Galega, que a volve a incluír no GSKU

A karateka amesá, Olivia Parga, manifestou estar "contenta" polo apoio da Federación Galega de karate que a volve incluír no programa GSKU (Grupo de seguimento de kumite). Este programa, en colaboración ca USC, apoia aos mellores

karatekas de Galicia na súa formación e adestramentos. No caso de Olivia, permitiulle seguir adestrando este ano 2026 e prepararse para afrontar nas mellores condicións físicas e técnicas esta tempada da man dos mellores adestradores galegos.

Dokkodo acada 10 medallas na II xornada da Liga Galega

A II xornada da Liga Galega de Karate, celebrada o pasado sábado 20 de decembro no pavillón da Malata de Ferrol, saldouse cun total de 10 medallas para a Escola de Karate Dokkodo: 3 ouros, 2 pratas e 5 bronzes nas categorías de kata e kumite. Tamén se sumaron 3 medallas na categoría de iniciación. O club, cun total de 10 deportistas das diferentes catego-



rías nesta xornada, conseguiu a sexta posición no medalleiro xeral.

A xornada rexistrou un total de 33 clubs participantes e 720 deportistas.

Sede do Campionato do Mundo en 2026 de 100 km de ultrafondo

Ames será a sede do Campionato do Mundo IAU de 100 km 2026, a proba máis relevante do atletismo internacional de ultrafondo, que se ven celebrando dende o ano 1987 e que acollerá o 20 de setembro de 2026 o municipio.

A designación foi anunciada oficialmente pola International Association of Ultrarunners (IAU) tras a aprobación da candidatura presentada polo Comité Organizador Local, coa colaboración da Real Federación Española de Atletismo (RFEA) e

o apoio das institucións galegas e locais.

O campionato reunirá en Ames a atletas de elite procedentes de todo o mundo, que competirán representando ás súas seleccións nacionais sobre a distancia de 100 quilómetros, nun evento de gran impacto deportivo, social e económico. A celebración desta proba converterá o municipio nun escaparate internacional, con ampla proxección mediática e unha importante repercusión para o tecido económico e turístico da contorna.

Blas García: “un recoñecemento á nosa capacidade para organizar eventos deportivos de máximo nivel”



Desde o Concello de Ames destácase que a organización deste campionato reforza o compromiso municipal coa promoción do

deporte, os hábitos de vida saudables e a atracción de eventos internacionais que contribúan ao desenvolvemento local e á dinamización

do territorio.

O alcalde, Blas García, destaca que esta elección supón un fito histórico para Ames e “un recoñecemento á nosa capacidade para organizar eventos deportivos de máximo nivel que, sen ningunha dúbida, repercutirán moi positivamente no municipio”. Pola súa banda a concelleira de Deportes, Susana Señorís, destaca a experiencia do Concello de Ames na organización de probas deportivas e abre a porta a seguir acollendo competicións desta envergadura.

Ames será sede da primeira proba do circuíto de ciclismo de montaña Transgalaica 2026 prevista para o 1 de marzo

O próximo 1 de marzo, o concello de Ames inaugurará o circuíto de BTT máis importante do noroeste español. A Transgalaica Ames 2026 será a primeira das cinco probas que percorreren a xeografía galega este ano, convertendo a Bertamiráns no epicentro do ciclismo nacional. Con 10 anos de historia consecutiva (salvo a paréntese de 2021 por mor da situación epidemiolóxica provocada pola Covid), esta cita é xa un emblema pola súa beleza paisaxística. O Pazo da Peregrina e o icónico Monte San Marcos volverán a ser algúns dos lugares por onde discorrerá esta proba de ciclismo de montaña.

Esta proba, que se vai celebrar o domingo 1 de marzo, está organizada polo club ciclista amesán Os Esfola Arrós e a empresa Team Relay, e



ademais, conta coa colaboración da Concellaría de Deportes.

Percorrido da proba

A proba comezará ás 9:30 horas diante do Pazo da Peregrina, en Bertamiráns, para pasar despois polas inmediacións de Aldea Nova, Covas, Augapesada, seguindo por Lamas, ata chegar ás instalacións do Real Aeroclub de Santiago en Piñeiro. A continuación pasase polo alto

do Monte Liñaredo, arredores do Monte San Marcos e Ventosa. Dende aí volverase ata Bertamiráns pola emblemática baixada da alta tensión do monte preto de Aldea Nova. Estímase que os primeiros ciclistas completen a primeira volta sobre as 10:49 e a segunda sobre as 12:03 horas. Antes, dende as 8:00 horas, comezará a entrega de dorsais na propia zona do Pazo. Pola súa banda, a entrega de premios terá lugar a partir das 14:00 horas.

O percorrido desta edición será semellante ao da pasada edición. Na segunda volta, non se subirá á zona de Aldea Nova e os participantes irán directamente polo sendeiro fluvial Rego dos Pasos, que estará debidamente indicado o propio día da proba.

Os participantes terán que dar dúas voltas a un cir-

cuíto de 32 quilómetros completando un percorrido de 64 quilómetros (aproximadamente) e que conta cun desnivel de 1.600 metros.

Por motivos loxísticos e de seguridade, establécese un control de paso no quilómetro 32 da proba. Os/as participantes que non pasen por el antes de 2 horas e 10 minutos deberán retirarse clasificando co tempo marcado nese punto.

Ademais, haberá unha carreira sprint, na que o seu resultado computará puntos para a clasificación xeral absoluta da Transgalaica. Só puntuarán os primeiros 25 clasificados en pasar pola liña de meta na primeira volta. Premendo nesta ligazón poderás consultar o regulamento xeral da Transgalaica.

Participación e inscricións

Poderá participar quen teña licenza de ciclismo en vigor para a tempada 2026, ou ben aquelas persoas que tramiten unha licenza de 1 día.

As categorías nas que se pode participar son a masculina absoluta (S23, elite, M30, M40, M50, M60), feminina absoluta (S23, elite e máster), Transgalaica do Futuro (júniors federados masculina e feminina) e open (cicloturistas e ciclistas con licenza de 1 día). As inscricións abren hoxe, 20 de xaneiro, e estarán abertas ata o mércores 25 de febreiro, ás 23:59 horas, premendo nesta ligazón ou accedendo á web magmasports.es. As persoas federadas teñen unha cota de inscrición de 20 euros, mentres que as non federadas deberan abonar 35 euros (20 euros de inscrición e 15 euros pola licenza de 1 día).

XANEIRO 2026

María Pazos: “Un estatuto propio para os médicos e facultativos redundaría tamén nunha mellora da calidade asistencial”

Os sindicatos veñen de anunciar a convocatoria dunha folga nacional indefinida de médicos e facultativos que comezará o próximo 16 de febreiro para seguir adiante coas mobilizacións contra o borrador de Estatuto Marco do Ministerio de Sanidade.

O Comité de Folga pretende con estas accións o obxectivo de lograr un estatuto propio do médico e o facultativo, o formato acordado para estes paros é o dunha semana de folga ao mes.

María Pazos, portavoz de O´MEGA é internista no CHUS e veciña de Ames. Con ela falamos desta reclamación dun estatuto propio para os médicos e facultativos e da situación da Sanidade Pública en xeral.



AMSGO: Qué pedides os médicos ao Goberno?

María Pazos: Temos unhas reivindicacións a nivel nacional e outras a nivel autonómico. A nivel nacional, o conxunto de médicos en España estamos a pedir un estatuto propio. Explícome, os médicos estamos enmarcados desde o 2003 nun estatuto, que rixe as nosas condicións básicas laborais, a nosa especial situación funcional etc. e que é o estatuto de todo o persoal sanitario. Desde un pinche de cociña ata calquera outro persoal do hospital ou dos centros médicos que teñan a condición de funcionario. Que problema temos con isto? Pois que á hora de negociar as condicións laborais, a porcentaxe da categoría médicos dentro de todo este conglomerado de persoal que se precisa para que funcione o Sistema Sanitario é unha porcentaxe pequena, en Galicia en torno ao 14%. Así que nós non soemos estar nas mesas de representación e, por tanto, non somos os que negociamos as nosas propias condicións laborais. Se as condicións laborais foran semellantes ás do resto, non habería problema, pero non é así. Os médicos temos unhas condi-

cións laborais distintas ás do resto, especialmente porque facemos gardas. Temos 48 horas en cómputo semanal o que significa que facemos unhas 60 ou 70 horas anuais de xornada complementaria. Queremos un estatuto propio para que os médicos poidamos decidir ou negociar as nosas propias condicións laborais.

AMSGO: Pero as competencias están transferidas ás comunidades.

María Pazos: Por iso, aínda que reivindicamos ese estatuto marco, que sería como o teito, pero, dentro da autonomía hai moita capacidade de legislar melloras. Podería mellorarse o estatuto marco actual. Nós queremos que, a medio ou longo prazo se consiga un estatuto propio de marco nacional, pero por outro lado, a curto prazo reclamamos outras cousas á Xunta. Pedimos melloras na xornada laboral. Deixar de traballar as 24 horas seguidas. Ninguén, ou a grande maioría dos profesionais como controladores, pilotos, conductores, poden traballar por lei tantas horas seguidas, porque deben estar en condicións optimas para tomar decisións. Sen embargo, os médicos, que temos nas nosas

mans a vida de outros, obrígasenos a facer as gardas. Hai unha crenza de que os médicos queremos facer as gardas porque queremos gañar máis diñeiro. Pois non. Hai unhas gardas obrigatorias ata os 55 anos.

AMSGO: Parece que o que contas vai en contra do que fan os lexisladores na actualidade. Sempre que sacan novas leis din ter en conta a mellora das condicións, rebaixando os horarios e facilitando a conciliación e o ocio. No caso dos médicos parece que as cousas van na dirección contraria. E logo tamén tedes que loitar coa idea de que si se deixa tempo libre aos médicos, non descansarían, senón que botarían máis horas na privada.

María Pazos: Non comparto esta crenza. Agora mesmo o que di a administración é que ten poucos médicos. Cada vez hai máis xente que deixa a pública e vaise para a medicina privada, deixando a pública. Porque as condicións son mellores. Outro caso, ao que creo que te refires, é a aqueles profesionais que compatibilizan a pública e a privada. Neste caso, o médico traballa na pública todas as súas horas e logo a administración deixa compa-

tibilizar e no tempo libre vai traballar á privada. Sería discutible se é bo que a administración permita estas compatibilidades. O problema non é este o problema está en que á xornada ordinaria, estamos obrigados a facer a xornada complementaria, as gardas. E isto só lles pasa aos médicos, o resto de categorías non.

AMSGO: Por exemplo?

María Pazos: As enfermeiras e auxiliares e outras categorías que dan un servizo 24/7, que estamos todos de acordo que hai que dalo. Pero estes profesionais fan o servizo organizado a quendas. A súa xornada ordinaria está nesas quendas. Non fan 48 horas semanais, fan 20 ou 18, porque cada noite que fan quitalles xornada ordinaria.

AMSGO: Como en calquera outra profesión.

María Pazos: Por iso estamos os médicos en folga. Porque queremos facer como o resto de profesionais, como os policías, ou os bombeiros que tamén traballan 24/7. Isto das gardas ven do ano 1966, cando se aprobou o réxime de gardas en España. A sociedade agora é completamente distinta. Antes, seguramente a demanda de asistencia non era tanta, a carga de traballo non era tanta, e

daquela non había mulleres médico, non había homes implicados no ámbito da familia. A muller asumía o rol de ama de casa e o médico non tiña obrigas fora do exercicio profesional. Nos últimos 60 anos a sociedade ten cambiado. As mulleres somos maioría no colectivo médico e hai moitos máis homes que reclaman tempo para atender as súas familias.

AMSGO: Agora mesmo as universidades pelexan por expandir as facultades de Medicina. Moita xente estudia Medicina, vemos as enormes colas para facer o MIR, pero, á hora da verdade, non hai facultativos. Por que non está ese persoal formado na Sanidade Pública?

María Pazos: Eu creo que é porque non hai vontade política de mellorar as condicións do persoal médico na pública. Isto fai que haxa fugas ao estranxeiro. Pero a principal fuga é cara a privada. Teño casos cercanos de compañeiros que din non aguanto máis, hai un boom da sanidade privada e ofrecen maiores salarios polo mesmo traballo. A xente marcha para a medicina estética, por exemplo. Sobre todo médicos de atención primaria. Ten que haber vontade polí-

tica para reter ese talento, os mellores marchan, e é polas condicións laborais.

AMSGO: Pois o que parece é ao contrario. Todas as administracións, pero nomeadamente a de Madrid parece tirar cara o apoio á privada. Parece que a xestión privada do público puidera ser a solución, pero hai denuncias do deterioro que se produce na atención e no servizo.

María Pazos: Imos ver. En Galicia só está o caso de PO-VISA que é a través de concerto, en Vigo. Pero en Cataluña e en Madrid hai moita xestión privada. E o que me achegan os compañeiros e compañeiras é que esta non suúxo unha mellora das condicións nin salariais nin de traballo. Cando unha empresa privada, que quere gañar diñeiro, ponse a xestionar o público as cousas van peor.

AMSGO: Pois volvendo ao público. Que percepción tedes desde o sindicato sobre a opinión da cidadanía, son receptivos a unha mellora das condicións laborais dos médicos?

María Pazos: No meu entorno creo que si. Este movemento dos médicos non se agardaba, pero agora todos imos contando a nosa realidade e a xente empeza a saber que non libramos por facer as gardas nin cobramos tantos miles de euros por facelas. Dar a coñecer a realidade dos médicos, que nons temos nin soldos tan elevados nin descansos tan esaxerados, a xente, os pacientes, empatizan. A nosa reivindicación tamén é por mellorar a calidade asistencial que damos. Eu, como paciente quero que, o que me opere esta na súa hora 2, non na hora 20.

AMSGO: Qué pasa en

atención primaria? Chega a haber ata agresións aos facultativos.

María Pazos: Pois que teñen xornadas de ata 60 pacientes na axenda e fan sete horas, normalmente de 8h a 15h., Iso para o profesional é inasumible, porque vas para a casa coa sensación de non ter feito ben o traballo. Nese contexto, no que ao mellor algún facultativo se para algo máis da conta cun determinado paciente, provoca o enfado do outro paciente que agarda na sala de espera leva a episodios de agresións como os que estamos a ver.

AMSGO: Para rematar, neste momento, tal como van as cousas. Estamos a xornarnos a Sanidade Pública, tal e como a coñecemos?

María Pazos: Si. Eu creo que ou melloramos as condicións do colectivo de profesionais da Sanidade Pública ou o sistema racha. Tamén é certo que falta educación sanitaria. Como poboación cada vez somos máis demandantes. O sistema é gratuito e somos como somos. Abusamos un pouco da necesidade de inmediatez. Por exemplo os servizos de urxencias, que por culpa das demoras son unha porta máis de entrada ao sistema sanitario. Poño de exemplo algo que me lembrei estes días. Cando foi o accidente do Alvia en Compostela eu estaba en Urxencias e vivín o caso en primeira persoa. Pedimos que quedaran só os casos de verdadeira urxencia porque tiña sucedido un grave accidente, a sala de espera quedou baleira. Incluso nas plantas houbo pacientes que pediran a alta voluntaria. Un verdadeiro xesto de xenerosidade. Falta pois educación sanitaria para coñecer os recursos e organizalos ben.

Xaneiro 2026: Un novo comezo cheo de atención

Por Rosa Fernández

Xaneiro é moito máis que o primeiro mes do ano. É un limiar simbólico, un momento de pausa e renovación. É a oportunidade perfecta para volver a mirada cara a dentro e preguntarnos: que quero sementar este ano?, que necesita a miña vida para florecer?

Quizais veñas dun ano no que sentiches cansazo, dúbidas ou simplemente desconexión. E está ben. A vida non é unha liña recta. O importante é que hoxe estás aquí, disposta ou disposto a iniciar un novo ciclo con máis consciencia.

En Viaxando cara á meta cremos que o verdadeiro cambio empeza con pequenos pasos, pero sobre todo, con claridade. Non se trata de facer máis, senón de facer o que realmente importa. Por iso, máis aló dos típicos propósitos de xaneiro, propoñémote mirar as túas metas desde un lugar máis profundo e amoroso.

Aquí van algúns tips para comezar o teu ano con intención:

- **Antes de propoñerte metas, escoita o teu corpo, a túa enerxía, o teu momento vital.** Non é o mesmo un ano para expandirte que un para recollerte e sandar.
- **Menos é máis. Escolle unha ou dúas metas significativas, que realmente conecten contigo.** Non enchas a túa axenda de cousas por facer; énchea de cousas que te fagan ben.
- **Escribe os teus propósitos en positivo e en presente: “Cóidome con amor”, “Organízome con calma”, “Gozo do movemento”.** Isto axuda a que a túa mente e o teu corpo intégrense mellor.

Exercicio suxerido: O mapa do esencial

Debuxa unha rosa (si, unha rosa) nunha folla. En cada pétalo, escribe unha palabra que represente algo que queres cultivar este ano: pode ser unha emoción, un hábito, un valor, un propósito. Non teñen que ser cousas grandes nin complexas. O importante é que teñan sentido para ti. Logo, colócaa nun lugar visible.

Este pequeno ritual pode ser o comezo dun gran cambio.

Grazas por estar aquí, por regalarte este momento de lectura e reflexión.

Lembra...

- **Non se trata de facer máis, senón de vivir mellor.**
- **Deixar de sobrevivir... e empezar a florecer, aos poucos, ao teu ritmo.**
- **Porque este ano non se trata de cambiarte, senón de volver a ti.**

Grazas por compartir esta viaxe.

Lémonos moi pronto...





SÁBADO 14 FEBREIRO

Festa de Entroido

16.30 a 19:30 h

Animación polas rúas: **CHARANGA OS CELTAS**

17.00 h | Praza da Maía

Exhibición de baile: **DANZAYA**

DOMINGO 15

Concurso e Desfile no Milladoiro

17.00 h

Saída do Aparcadoiro da Casa da Cultura

Desfile amenizado por **OS CHARANGOS DE NEDA**

18.30 h

Entrega de premios no Aparcadoiro da Casa da Cultura

Fin de Festa co **DÚO INFINITO**

LUNS 16

Festa Infantil de Disfraces

17.00 h | Praza da Maía

(16.00-16.30 > Entrega dorsais e inscrición presencial)

OBRADOIRO DE MAQUILLAXE

Fin de Festa con **ÁNGEL HABANA**

**Todas as actividades e bases dos
concursos en concellodeames.gal**